

www.manicomicos.org

A CORUÑA
19-21
DE XULLO
2024



J.L. Redondo Teatro a cubo Peter Punk Los Galindos
Circoactivo Garrapete A Vela circo Ramón Gato

GALA 23 FESTIVAL

MANEL
CRINEO
2024



Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA

GADIS


23

www.manicomicos.org

No seu 20 aniversario, volve o Festival Manicómicos ás rúas e prazas da cidade de A Coruña! 23 edicións xa!

E aproveitando este número fantástico, que vestía Michel Jordan ás súas costas, adicámoslle a el esta edición, así como a esa etapa gloriosa da N.B.A.

Pese aos reaxustes orzamentarios de última hora, Manicómicos fai o esforzo para non deixar ao seu público sen festival, mantendo unha coidada programación con espectáculos de alto nivel internacional, e cun apoio incondicional ao circo galego.



PROGRAMACIÓN

VENRES 19

12:30h / Pza. Conchiñas / J.L. Redondo / *Arriba*

19h / Pza. Pablo Iglesias / / Teatro Ao Cubo / *Ghop!*

20.30h / Pza. Pablo Iglesias / Peter Punk / *Peor imposible*

22.30h / Pza. Pablo Iglesias / Los Galindos / *M.D.R.*

SÁBADO 20

12:30 / Pza. Pontevedra / Circoactivo / *Aire*

19h / Campo da Leña / Garrapete / *Crescendo*

20:30h / Campo da Leña / A Vela Circo / *O último que apague a luz*

DOMINGO 21

12:30 / Ext. Casa das Ciencias / Ramón Gato / *Con Ciencia Malabar*

19h / Anfiteatro Sta. Margarida / *Gala 23 Festival*



23



COMPAÑÍAS

J.L. Redondo (Asturies)

Venres 19 / 12:30h Pza. Conchiñas



Este asturiano, que domina disciplinas como verticais, manipulación, equilibrios, mastro chino ou bicicleta excéntrica, é un experto en espertar o aplauso e a gargallada del público.

ARRIBA!!!

Clown / manipulación de obxectos / acrobacia


Todo público / 50'

Un espectáculo de circo con texto e sen música en directo. Humor como arma de comunicación masiva; equilibrios e desequilibrios sobre botellas de vidro, manipulacións, habilidades e torpezas para todos. Unha reivindicación do pracer en escena, co acompañamento do público.



Teatro ao cubo (Galiza)

Venres 19 / 19h Pza. Pablo Iglesias



Teatro ao cubo, é unha compañía de teatro galega formada por Sofía Espiñeira e Roberto Casal, artistas multidisciplinares que combinan con mestría danza, circo, monicreques e música. Desde 2016 levan producindo pezas teatrais para público infantil e familiar. Nesta produción, contan coa participación do Mago Noel como parte do elenco.

GHOP!

Clown / maxia cómica / títeres / acrobacia

Todo público / 50'

Ghop! é un espectáculo de rúa participativo e cheo de humor, coa estética clásica dos circos ambulantes que no pasado percorrían as nosas vilas. Os tres protagonistas, caracterizados para a ocasión, aderezan con malabares, monicreques, acrobacias e pinceladas de maxia, este divertido show familiar de variedades.



Peter Punk (Galiza)

Venres 19 / 20:30h Pza. Pablo Iglesias



Peter Punk é Isaac Rodríguez, un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos. Activista clown, pertencente a Pallasos en Rebeldía, todo un referente do circo galego.

PEOR IMPOSIBLE

Clown e circo

Todo público / 50'

Peter Punk non contaba con que as cousas sempre poden ir a peor. Na súa nova aventura, non lle queda outra que afrontar o seu fracaso. Pero está disposto a todo pola risa do público: unha catedral de nove paraugas en equilibrio, o salto ao baleiro dun voluntario a cegas, o perigoso circuío da morte...e un evocador final.



Los Galindos (Catalunya)

Venres 19 / 22:30h Pza. Pablo Iglesias



Anicet Leone, Gabriel Agosti e Marcel Escolano forman este excéntrico trío de clowns e acróbatas dos accidentes e o circo. Baixo a dirección de Beth Garrell e Marcel Escolano, Los Galindos son un clásico do panorama circense catalán, exportado internacionalmente.

M.D.R.

Circo / clown / slapstick

Maiores de 14 / 250 espectadores / 60'

Tres pallasos enfrontanse a un xiro inesperado. Que pasou? Que farán? A xustiza estará da súa parte? Atoparán unha solución ou vai ser que teñen que ser condeados? Melón, Rossignol e Mardi necesítanvos para contaxiar optimismo e espírito crítico. Só arriscades a morrer de risa.



23

Circoactivo (Extremadura)

Sábado 20 / 12:30h Pza. Pontevedra



Iván Alonso é Iván Alone e Circoactivo, un veterán artista de circo e clown, especializado en equilibrios e mastro chino, con máis de 15 anos de experiencias en máis de 15 países. Participa en proxectos de circo social internacionalmente.

AIRE

Clown / Mastro chino

Todo público / 50'

Cun mastro chino de 5m de altura, un cubo, un micrófono e o seu mono de traballo, o clown Iván Alone, transforma o espazo escénico involucrando ao público para acadar o seu obxectivo: construír un "circo do aire" para ofrecer o seu gran número final.

Un espectáculo sen palabras onde o absurdo do clown atopa o virtuosismo do acróbata.



Garrapete (Castela-León)

Sábado 20 / 19h Campo da Leña



Gonzalo e Luis, desde Palencia, son dous apaixonados do clown, o teatro e a educación social. Conseguen que cada proxecto sorprenda, introducindo novos elementos como a música en directo, e o absurdo. Achegarse a Garrapete é engadir algo recomendable para poñer na vida: a alegría.

CRESCENDO

Clown musical

Todo público / 50'

Crescendo é unha divertida proposta de música e clown, dirixido por Pablo Ibarluzea, un dos directores máis recoñecidos do circuito do teatro-circo contemporáneo. Poesía, música en directo e humor, proporcionados por dous artistas tan brillantes como idiotas.



23

A Vela Circo (Galiza / Arxentina)

Sábado 20 / 20:30h Campo da Leña



A arxentina Ana Cuervas e o galego Santiago Montero forman esta compañía especializada en verticais, malabares e movemento, unha combinación excelentemente mesturada con humor sen palabras. Circo cunha identidade poética á par que absurda e revolucionaria.

O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ

Clown / circo / slapstick

Todo público / 50'

Dous pallasos deciden casar, pero como se fai iso dun xeito clásico? Hai que comer o ramo? Destrozar a tarta? Benvidos e benvidas a esta aloucada cerimonia que nos fará reflexionar sobre o porqué de certas tradicións, a través do circo e o humor. No medio desta poética do caos, a quen lle tocará o ramo?



Ramón Gato (Galiza)

Domingo 21 / 12:30h Ext. Casa das Ciencias



Especialista en malabares, concretamente en mazas, coas que se amosa como un poético prestidixitador de obxectos en movemento. Tras moitas aventuras por medio mundo como malabarista, formouse en clown en Manicómicos, para logo crear os seus propios espectáculos.

CON CIENCIA MALABAR

Ciencia e malabares

Todo público / 45'

Un espectáculo divulgativo sobre a ciencia interpretada a través dos malabares. Un profesor de ciencias algo torpe e despistado, nun desafío constante contra as leis da gravidade, diseña un microcosmos sideral cos malabares, onde as matemáticas prestidixitan as leis do movemento.



GALA 23 FESTIVAL

Domingo 21 / 19h Anfiteatro Santa Margarida



Variedades cómicas e circenses

Todo público / 90'

Como xa é tradición, o Festival Manicómicos pecha a súa programación cunha gala de variedades cómicas e circenses, para celebrar por todo o alto unha edición máis, coa participación de artistas que pasaron polo festival e outros invitados para a ocasión. Hora e media de diversión familiar garantida. Todo un clásico de Manicómicos e o seu festival.

Ven celebralo con nós!

Déixate emocionar!

Sen todos vós isto non sería posible.

Por unha cultura coherente e con sentidoño!

Viva o circo!



www.manicomicos.org